






Mundial



**Enfermedades  
transmitidas por  
vectores**

|                                                                                    |                                                               |                                                       |                                                                                            |                                                          |                                                                              | CONSELLOS PARA O VIAXEIRO                                                           |                                                    |                                                                                                                 |                                                                                                                          |                                                                   |                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| NOME                                                                               | DISTRIBUCIÓN                                                  | ENFERMIDADES QUE TRANSMITE                            | CANDO E ONDE PICA                                                                          | TIPO DE PICADURA                                         | NOME                                                                         | DISTRIBUCIÓN                                                                        | ENFERMIDADES QUE TRANSMITE                         | CANDO E ONDE PICA                                                                                               | TIPO DE PICADURA                                                                                                         |                                                                   |                                                                                          |
|    | CULEX (Mosquito común)                                        | Mundial                                               | Filariose, encefalite xaponesa, West Nile (Virus do Nilo Occidental)                       | Pola tarde/noite Interior/exterior Medio urbano/rural    | Normalmente indolora. Pode producir reaccións locais de poucas horas ou días |    | CHINCHE (Triatoma infestans)                       | América                                                                                                         | Enfermidade de Chagas (Tripanosomíase Americana)                                                                         | De noite Na cama Urbano/rural                                     | Normalmente indolora. Pode producir urticaria por reacción á saliva que o animal inxecta |
|    | ANOPHELES (Anófeles)                                          | Mundial                                               | Malaria, Filariose                                                                         | De noite Interior/exterior Principalmente no medio rural | Dolorosa. Adoita producir proído local de poucas horas ou varios días        |    | CHINCHE COMÚN CHINCHE DE CAMA                      | Mundial                                                                                                         | Produce proído                                                                                                           | De día (pastos de herba alta)/noite. Rural                        | Moi dolorosa e duradeira. Ás veces causa problemas cutáneos por infección                |
|    | AEDES spp (aedes aegypti, aedes albopictus ou mosquito tigre) | Asia, África, América, Pacífico Occidental e Europa   | Chikungunya, Zika, Dengue, Febre Amarela, Filariose, Encefalite vírica, virus Mayaro       | De día Interior/exterior Urbano/rural                    | Dolorosa. Adoita producir proído local de poucas horas ou varios días        |    | CARRAPATA                                          | Mundial                                                                                                         | Enfermidade de Lyme, Encefalite por carrapatas, Enfermidades Rickettsiales, Febre Hemorráxica de Crimea-Congo, Tularemia | De día/noite Interior Urbano/rural                                | Desde indolora a moi dolorosa, con hemorraxia e ulceración                               |
|    | MOSCA NEGRA                                                   | Mundial                                               | Oncocercose                                                                                | De día Exterior Medio rural                              | Dolorosa. Pode producir picadas, proído, inchazón e ulceración               |    | PULGA                                              | Mundial                                                                                                         | Peste Bubónica, Tungíase                                                                                                 | De día/noite Interior Urbano/rural                                | Desde reaccións leves á dor inmediata e formación de pápulas rosadas                     |
|    | MOSCA TSÉ-TSÉ                                                 | África                                                | Enfermidade do sono (Tripanosomíase Africana)                                              | De día Exterior Urbano/rural                             | Moi dolorosa Normalmente produce inchazón                                    |    | PULGA DA AREA NIGUA, BICHO DO PÉ (Tunga penetrans) | Praias Tropicais                                                                                                | Tungíase                                                                                                                 | Ó camiñar descalzo pola area                                      | Lesións entre os dedos e as unllas do pé                                                 |
|    | FLEBÓTOMO (Flebotomíneo)                                      | África , Asia, América e Conca mediterránea           | Leishmaníose, Bartonelose, virus Toscana                                                   | De día Exterior Urbano/rural                             | Dor, seguido de proído. Aspecto similar á varicela. Dura unha semana         |    | PIOLLO                                             | Mundial                                                                                                         | Tífos, Febres, Pediculose da cabeza, Piollo pato                                                                         | De día/noite Interior/exterior Urbano/rural                       | Desde reaccións leves á dor inmediata e formación de pápulas rosadas                     |
|   | MOSCA DA CORTE                                                | Mundial                                               | Pica a animais e persoas. Anaplasmosa, Tripanosomas e enfermidades de interese veterinario | De día (preto das cortes)                                | Picada aguda, a miúdo seguido de proído                                      |  | CARACOL ACUÁTICO (Biomphalaria)                    | África, Oriente Medio, Caribe, Brasil, Suriname, Venezuela, China, Filipinas, Indonesia, Camboxa, Laos, Córsega | Esquistosomose (Bilharziasa)                                                                                             | Non pica, elimina o parasito que causa a enfermidade na auga doce | Non pica                                                                                 |
|  | TABÁN                                                         | Europa, norte de Asia e Parte noroccidental de África | Filariose por Loa Loa                                                                      | De día Exterior Rural                                    | Dolorosa. Pode producir picadas, seguido de proído e inchazón                |                                                                                     |                                                    |                                                                                                                 |                                                                                                                          |                                                                   |                                                                                          |



✓ As **enfermidades transmitidas por insectos** son moi frecuentes no trópico. Os mosquitos son vectores de enfermidades como o paludismo, a malaria, o dengue, a encefalite xaponesa, o Chikungunya, o virus Zika etc.



✓ Nas partes do corpo que non estean protexidas pola roupa e nas pezas de vestir débense usar **repelentes de insectos** que conteñan DEET, IR3535, caridina ou Citriodiol, cunha concentración mínima entre o 20-30 %. En caso de aplicación en nenos, deben seguirse as indicacións que figuran na etiqueta do produto.




✓ **No exterior, á noite e ó amencer, recoméndase vestir roupas de manga longa e pantalón longo**, e evitar levar cores escuras e perfumes intensos xa que poden atraer ós mosquitos.





✓ Cando vaiamos **camiñar polo monte**, debemos levar **pantalóns longos e botas altas** para evitar a picadura de insectos.





✓ Cando permaneza no **interior**, é aconsellable usar sprays, serpentinas antimosquitos ou vaporizadores que conteñan piretrinas.

✓ As habitacións debe estar debidamente protexidas **con teas metálicas en portas e xanelas**. É aconsellable usar **mosquiteiros** ó redor das camas, impregnados con piretroides.

